

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 21 DE SETEMBRO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Decreto polo que se crea a Rede de reservas da biosfera de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de todo o dominio público, a excepción da calzada e das beiravías, do treito da estrada AC-432 situado entre os pp.qq.: 13 + 950 e 14 + 960, a prol do Concello de Camariñas.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e as organizacións non gobernamentais Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Reporteiros Solidarios e a Fundación Educación y Cooperación para a execución do proxecto Cooperación galega: o mundo que queremos 2017-2018, por un importe total de setenta e cinco mil seiscientos vinte e un euros con vinte céntimos (75.621,20 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Noia para a rehabilitación da edificación Casino de Noia para a súa transformación nun Centro de Visitantes Multifuncional do Xeodestino da Ría de Muros Noia, por un importe total de cen mil euros (100.000,00€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e o Concello de Melide para a rehabilitación da cuberta e melloras no mercado de gando de Melide, por un importe total de cento noventa e dous mil seiscientos sesenta e tres euros con noventa e oito céntimos (192.663,98€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a Orde pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2017.
- Informe sobre a Orde do 11 de setembro de 2017, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio e se procede á convocatoria para o ano 2017.
- Informe sobre a resolución de axudas para a mellora de imaxe e modernización dos establecementos comerciais retalistas.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre o cronograma de delimitación da paisaxe cultural da Ribeira Sacra como ben de interese cultural.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Plan de control da cadea alimentaria en Galicia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre a evolución das libranzas do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia en Galicia.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a resolución das axudas destinadas a investimentos produtivos en acuicultura cofinanciadas co FEMP.

APROBADO O DECRETO POLO QUE DE CREA A REDE DE RESERVAS DA BIOSFERA DE GALICIA

- *O Consello da Xunta deu o visto e praxe ao documento elaborado pola Consellería de Medio Ambiente que permite a posta en marcha desta rede co obxectivo de harmonizar a conservación da diversidade biolóxica e cultural*
- *A creación desta nova figura reforzará a posta en valor das reservas da biosfera como elementos que contribúen ao desenvolvemento sustentable e á mellora do benestar da poboación*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá aprobou o decreto polo que se crea a Rede de reservas da biosfera de Galicia, que será remitido ao Consello Consultivo de Galicia. Desde o Goberno galego deféndese que a existencia dunha rede garantirá a cooperación entre reservas e permitirá a súa interacción e a súa actuación como unha auténtica rede de aprendizaxe do desenvolvemento sustentable; ao tempo que reforzará a posta en valor das reservas da biosfera como elementos que contribúen ao desenvolvemento sustentable e á mellora do benestar da poboación.

As reservas da biosfera son territorios cuxo obxectivo é harmonizar a conservación da diversidade biolóxica e cultural e o desenvolvemento económico e social a través da relación das persoas coa natureza.

Na actualidade en Galicia existen seis espazos declarados, pola Unesco, como reservas da biosfera, que son: Terras do Miño; Área de Allariz; Os Ancares Lucenses en Montes de Navia; Cervantes e Becerreá; Río Eo, Oscos e Terras de Burón; Transfronteiriza Gêres-Xurés e As Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. En total, estas zonas suman 77.834,3 ha.

Así, os obxectivos que se perseguen son a creación de novos vínculos entre as reservas da biosfera declaradas en Galicia e o reforzamento dos xa existentes, propiciando a colaboración entre todas as reservas integrantes da rede e fomentando a súa colaboración na realización de proxectos comúns.

Deste xeito, tamén se cumpre cos contidos do Marco estatutario da Rede mundial de reservas da biosfera, no cal se regula a participación en rede ao considerar que se debe propiciar a constitución e cooperación de subredes rexionais.

Nese sentido, preténdese reforzar e pór en valor as reservas da biosfera de Galicia, como elementos que contribúen ao desenvolvemento sustentable e á mellora do benestar da poboación, así como promover o coñecemento e difusión dos valores das reservas da biosfera de Galicia. Ao mesmo tempo, o funcionamento en rede das

reservas da biosfera de Galicia permitirá establecer sinerxías e colaborar con outras redes territoriais ou temáticas do Programa home e biosfera.

A XUNTA TRANSFIRE AO CONCELLO DE CAMARIÑAS A ZONA DE DOMINIO PÚBLICO DA AC-432, ENTRE O ACCESO A SANTA MARÍA DE XAVIÑA E A PONTE SOBRE O RÍO TRASTEIRO

- ***Con esta transferencia este municipio poderá actuar sobre as beirarrúas, o que facilitará os labores de mantemento destas e favorecerá as tarefas da Administración local con respecto ás necesidades dos usuarios***
- ***O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG) e a entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de todo o dominio público, a excepción da calzada e das beiravías, do treito da estrada AC-432 situado entre os puntos quilométricos 13+950 e 14+960, a prol do Concello de Camariñas.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda recibiu a solicitude do Concello de Camariñas para o cambio da titularidade das beirarrúas existentes nas dúas marxes da estrada Vimianzo (AC-552) – Camariñas, desde a pista da igrexa ata o río Trasteiro, na parroquia de Xaviña. Trátase do tramo da estrada comprendido entre os puntos quilométricos 13+860 e 14+960, no que se atopan os núcleos rurais de Covadiña- O Cruceiro e Agramar.


A Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo co informe emitido polos servizos competentes, formulou proposta favorable á transferencia de titularidade da zona de dominio público da estrada no tramo comprendido entre a intersección coa estrada á igrexa de Santa María de Xaviña, na travesía de Cruceiro, e o inicio da ponte sobre o río Trasteiro.

Esta transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece que deberá ser aprobada por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e a entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes.

Con esta transferencia, o Concello poderá actuar sobre esta vía, que pasa a ser de titularidade municipal, de modo acorde coas súas características urbanas, e xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas. Así, este municipio poderá actuar sobre as beirarrúas, o que facilitará os labores de

mantemento destas e favorecerá as tarefas da Administración local con respecto ás necesidades dos usuarios.



A XUNTA COLABORA CON TRES ONGD GALEGAS PARA DAR CONTINUIDADE AO PROXECTO *COOPERACIÓN GALEGA: O MUNDO QUE QUEREMOS*

- *Vicepresidencia renova a colaboración con Solidariedade Internacional de Galicia, Agareso e a Fundación "Educación e Cooperación"*
- *Desde o inicio do proxecto, no ano 2013, a Xunta leva investido nesta iniciativa ao redor de 316.000 euros*

O Consello da Xunta deu luz verde á sinatura dun convenio de colaboración coas ONGD Solidariedade Internacional de Galicia, Agareso e a Fundación Educación e Cooperación para dar continuidade ao proxecto *Cooperación Galega: o mundo que queremos*, nas anualidades 2017-2018.

A través deste acordo, a Vicepresidencia colaborará na execución da quinta edición do proxecto que se desenvolve no marco do *Plan Proxecta*, unha iniciativa de innovación educativa que pretende facilitar a colaboración entre distintos departamentos da Xunta que dispoñen de programas dirixidos aos centros educativos.

O proxecto ten como obxectivo contribuír ao fomento dunha adolescencia galega consciente da interconexión entre as realidades locais e as dinámicas globais e ao apoio no exercicio da súa corresponsabilidade da construción da xustiza social, a través da educación para o desenvolvemento, a solidariedade e a loita contra a pobreza, nos centros educativos galegos.

No ano 2013 a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, en coordinación coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, impulsou un proxecto piloto titulado *Cooperación galega: o mundo que queremos*.

O proxecto, que xa se atopa na súa quinta edición, foi desenvolvido por 3 ONGD especializadas no ámbito da educación para o desenvolvemento e levouse a cabo no curso 2013-14 en 5 centros de educación secundaria que foron seleccionados entre os solicitantes da convocatoria anual do Plan Proxecta, no curso 2014-15 en 9 centros, no curso 2015-16 en 5 centros das 13 solicitudes presentadas e no curso 2016-17 en 6 centros. Co profesorado e o alumnado dos 25 centros afondouse nas desigualdades sociais existentes e nas causas que as perpetúan, con especial atención á realidade dos países empobrecidos en que traballa a cooperación galega. Os obxectivos de desenvolvemento do milenio (ODM), no inicio, e os obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS), na actualidade, son a temática condutora da proposta e a comunicación comunitaria, a ferramenta metodolóxica e elemento vertebrador das accións que se van desenvolver.

As actividades desenvolveranse en varios centros educativos galegos, cunha vixencia ata o 31 de agosto de 2018, incluíndo as actuacións iniciadas desde o mes de xuño de 2017 e cun custo total de 75.621 euros. Desde o inicio do proxecto, no ano 2013, a Xunta leva investido nesta iniciativa ao redor de 315.400 euros.

Antecedentes

No ano 2013 a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, en coordinación coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, impulsou un proxecto piloto titulado *Cooperación galega: o mundo que queremos*, que foi desenvolvido no marco do Plan Proxecta, iniciativa de innovación educativa que ten por obxecto facilitar a colaboración entre distintos departamentos da Xunta de Galicia que dispoñen de programas dirixidos aos centros educativos.

Dado o éxito do proxecto piloto levado a cabo no curso 2013-14, que fora financiado no marco da convocatoria anual de axudas a proxectos de educación para o desenvolvemento, decidiuse darlle continuidade a través da formalización dun convenio de colaboración, debido á especificidade das actividades obxecto do proxecto que son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral.

III Plan director da cooperación galega 2014-2017

A Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, alude ás ONGD como entidades con especial dedicación a actividades de solidariedade da sociedade galega cos pobos mais desfavorecidos, constituíndose como interlocutores permanentes da Xunta de Galicia nesta materia.

O III Plan director da cooperación galega 2014- 2017 establece como uns dos resultados de xestión a coordinación e complementariedade entre os axentes da cooperación galega para contribuír aos resultados de desenvolvemento e á mellora da planificación e xestións das actuacións en educación para o desenvolvemento. Ambos os resultados de xestión están presentes nas actuacións incluídas neste convenio de colaboración.

CULTURA INVISTE 100.000 EUROS PARA HABILITAR O CASINO DE NOIA COMO ESPAZO CULTURAL

- ***A Consellería asina un convenio co Concello que permitirá rehabilitar este edificio emblemático do municipio para o seu aproveitamento con fins culturais***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria investirá un total de 100.000 euros na rehabilitación do Casino de Noia, o que permitirá levar a cabo no inmoble unha actividade cultural estable. O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello de Noia para a realización das obras de rehabilitación do edificio, cuxo custo total ascende a preto dun millón de euros.

Ao abeiro do dito convenio, o departamento de Cultura do Goberno galego comprométese a financiar con 100.000 euros –distribuídos en dúas anualidades– estas obras, cuxa execución correrá a cargo do Concello.

Esta actuación enmárcase dentro das iniciativas impulsadas pola Xunta de Galicia a prol da defensa e da promoción dos valores culturais e da protección, conservación e difusión do patrimonio. Así mesmo, garántese que os concellos dispoñan dunha axeitada infraestrutura sociocultural para a súa utilización e desfrute por parte da cidadanía.

Tras a súa rehabilitación, o Casino de Noia habilitarase como Centro de Visitantes Multifuncional do Xeodestino da Ría de Muros-Noia, favorecendo o seu aproveitamento con diversos usos, xa que contará con sala de conferencias, salón de actos, espazos acondicionados para exposicións etc.

Un inmoble singular

O edificio reúne unhas características arquitectónicas singulares e que o sitúa como un inmoble de referencia na evolución urbana da vila. No que atinxe ao aspecto decorativo, os elementos singulares máis significativos son a pedra tallada, os balaústres, pináculos e a reixa de ferro. Canto ao aspecto construtivo cómpre destacar as columnas, balcóns voados e vans en arco.

Hoxe en día, a súa estrutura presenta un aspecto ruinoso nalgunhas partes, posiblemente derivado das filtracións de auga durante os anos que permaneceu en estado da abandono. De aí que precise dunha intervención que permita recuperar o edificio para uso público.

Mellora das instalacións culturais

Mediante convenios de colaboración, a Consellería, a través da Secretaría Xeral de Cultura, renovou durante o ano 2016 as instalacións e equipamento do Edificio de Usos Múltiples de Teixeira, do concello de Curtis, e acometeu o acondicionamento do Centro Cultural Vista Alegre de Bandeira, no concello de Silleda. Ademais, co mesmo fin de mellorar as condicións da rede de equipamentos municipais en que se desenvolve unha programación cultural estable, a Xunta promove unha liña de axudas para que os concellos e as súas entidades públicas poidan realizar nestas infraestruturas investimentos de equipamento escénico, iluminación e son, equipamento audiovisual, sistemas de prevención e seguridade e novas tecnoloxías, así como accións de mellora da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas. A contía das axudas en 2017 ascendeu a 500.000 euros.

GALICIA DISTRIBUIRÁ PRETO DE 11,5 MILLÓNS DE EUROS ENTRE AS ENTIDADES DO TERCEIRO SECTOR CON CARGO Á ASIGNACIÓN TRIBUTARIA DO 0,7% DO IRPF

- *Trátase dun procedemento transitorio e excepcional dirixido a garantir a continuidade no 2018 dos programas que atenden fins de interese social na Comunidade galega*
- *A convocatoria está dotada cun orzamento de 11,4 millóns de euros e só poderán ser beneficiarias destas axudas as entidades do terceiro sector de acción social que xa recibisen axuda na convocatoria do ano 2016 con cargo ao IRPF*
- *É a primeira vez que a Administración autonómica xestiona este tipo de subvencións*

A Xunta de Galicia distribuirá por primeira vez subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF). A convocatoria, que se publicará ao longo deste mes, establece un procedemento transitorio e excepcional dirixido, en canto se perfila un novo modelo de xestión, a garantir a continuidade no ano 2018 dos programas que atenden fins de interese social en Galicia con cargo á dita asignación tributaria. Deste xeito, neste ano 2017, o procedemento de concesión das axudas tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva.

A convocatoria está dotada cun orzamento de 11.453.784 euros e só poderán ser beneficiarias destas axudas as entidades do terceiro sector de acción social que xa recibisen axuda na convocatoria do ano 2016 con cargo ao IRPF para o desenvolvemento de programas que tiveron que ver coa atención ás persoas con necesidades de atención integral sociosanitaria, necesidades educativas ou de inserción laboral e programas para o fomento da seguridade cidadá e a prevención da delincuencia. Cómpre destacar que na convocatoria estatal de 2016 resultaron adxudicatarias en Galicia de un ou varios programas, un total de 72 entidades por un importe de 11.394.066 euros.

Nesta convocatoria financiaranse programas sociais dirixidos de forma prioritaria ás persoas maiores, ás persoas con discapacidade, á mocidade e á infancia. Así mesmo, beneficiaranse colectivos de mulleres en risco de exclusión, persoas afectadas por problemas de drogodependencia, persoas de etnia xitana, poboación recluída e ex-recluída, refuxiados e asilados, migrantes, vítimas do terrorismo e persoas afectadas polo VIH/SIDA.

Serán subvencionables os gastos correntes directamente derivados da actuación subvencionada e os gastos de investimento de continuidade referidos a equipamento,

obras de adaptación e rehabilitación e adquisición de vehículos adaptados. A Xunta de Galicia anticipará ás entidades beneficiarias o 100% da subvención no momento de concesión, e a xustificación será posterior á realización das actividades.

Para a determinación dos proxectos que poden ser obxecto de subvención e da contía máxima individualizada desta, teranse en conta os resultados obtidos na anualidade 2016.

A Xunta de Galicia apostou firmemente para conseguir que se investise no territorio da nosa comunidade cando menos o mesmo crédito que no ano 2016, de xeito que se mantiveran os programas en funcionamento e se garantira a atención ás persoas máis vulnerables e o mantemento dos postos de traballo nas entidades do terceiro sector que, entre empregos directos e indirectos, supón o 1,5% do PIB.

Desde a Consellería de Política Social mantívose un diálogo permanente coas entidades do terceiro sector e chegouse a un acordo para garantir a continuidade do desenvolvemento dos seus programas financiados pola asignación tributaria durante 2018, adoptando a fórmula de xestión máis áxil posible para que a finais do presente ano as entidades poidan dispor dos fondos necesarios para continuar cos programas de atención en 2018, sempre dentro do marco xurídico que resultase do acordo entre o Goberno da Nación e as comunidades autónomas.

Competencias de xestión

O IRPF permite aos contribuíntes destinar un 0,7% da súa cota íntegra a realizar fins sociais. Do importe recadado a través desta asignación, ata agora unha gran parte deste era distribuído pola Administración xeral do Estado entre as entidades de carácter social.

Unha sentenza do Tribunal Constitucional negou ao Estado a competencia para xestionar estas cantidades alegando que a asistencia social é unha competencia exclusiva das comunidades autónomas e, en consecuencia, a execución e xestión dos fondos é competencia autonómica.

Tras esta resolución, na sesión do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia celebrada no pasado mes de abril, adoptouse, por unanimidade, que o futuro modelo de xestión do 0,7% do IRPF sexa un modelo mixto (tramo Administración xeral do Estado- tramo comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía) en que se introducirían todos os axustes precisos para respectar as competencias das CC.AA. naquelas actuacións que se consideren materia de asistencia social, sen prexuízo das posibles competencias do Estado.

A XUNTA COLABORARÁ CO CONCELLO DE MELIDE NA REHABILITACIÓN DO MERCADO DE GANDO DESTA MUNICIPIO CORUÑÉS

- *A actuación principal pasa por renovar por completo a cuberta do edificio cun investimento que supera os 192.000 euros, para evitar as continuas reparacións que se levan a cabo*
- *A feira de animais celébrase unha vez ao mes con reses de toda a contorna, mesmo de concellos doutra provincia, e nel prima a venda de becerros*

A Xunta colaborará co concello de Melide na rehabilitación e mellora do mercado de gando desta localidade coruñesa cunha achega de algo máis de 192.000 euros. O Consello do Goberno galego autorizou hoxe á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), adscrita á Consellería do Medio Rural, para asinar un convenio con este municipio para tal fin.

Trátase de contribuír ao arranxo da cuberta destas instalacións, tendo en conta a súa importancia como feira de gando de referencia no interior da provincia da Coruña. Así, cómpre lembrar que presta servizo non só ao concello de Melide, senón que abarca un territorio moito máis amplo, ao recibir reses de municipios da provincia de Pontevedra, caso de Agolada, ou de Lugo, como é o de Monterroso.

Por iso, a actuación contribuirá ao desenvolvemento do rural en toda a contorna, xa que se dá pulo á comercialización e transformación agrogandeira, permitindo así mellorar o tecido produtivo das comarcas e ofrecendo maiores posibilidades económicas a toda a poboación que vive no agro ou a quen decida establecerse nel.

Nos últimos mercados celebrados neste recinto deuse entrada a unha media diaria de 300 reses de vacún e 150 cabezas de gando equino, caprino e ovino, o que supón un incremento substancial respecto ao recibido nos últimos anos. A feira de gando de Melide celébrase unha vez ao mes en dúas naves cunha capacidade importante e nas que prima a venda de becerros.

A XUNTA IMPULSA A REDE DE TÉCNICOS DE EMPREGO CO CONTRATACIÓN DE 264 AXENTES QUE PRESTARÁN ESPECIAL ATENCIÓN AO RURAL

- *O Goberno galego apoia con 3,2 millóns de euros os concellos e as entidades sen ánimo de lucro que axudan ás empresas a desenvolver os seus proxectos*
- *O obxectivo desta medida, que forma parte da Axenda 20, é favorecer nos municipios a promoción da actividade empresarial e colaborar coas asociacións que máis o precisan para a inserción laboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión*

A Xunta investirá 3,2 millóns de euros no impulso da Rede de técnicos de emprego de Galicia apoiando a contratación e o mantemento dos 264 axentes que na actualidade forman esta infraestrutura especializada na promoción do emprego. Esta iniciativa, que sairá publicada no DOG nas próximas semanas, ten como obxectivo contribuír á dinamización e xeración de novas actividades empresariais no ámbito local e rural e á inserción laboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.

O Goberno galego, dunha banda, destinará 2,2 millóns para apoiar nos concellos galegos a contratación ou prórroga dos axentes de emprego e desenvolvemento local (AEDL) que colaboran na implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación de actividade empresarial. O traballo destas persoas consiste fundamentalmente en axudar ás empresas a desenvolver os seus proxectos, o que contribúe a impulsar a aposta do Goberno galego por fixar poboación no rural.

A contía máxima dos apoios que se conceden por cada axente é de 27.046 euros anuais. Para a resolución destas axudas tense en conta a media de paro rexistrado no ano 2016 no concello que solicita o apoio. Na actualidade, existen en Galicia 224 AEDL.

Outra das funcións que realizan os axentes de emprego son o acompañamento técnico no inicio de proxectos, asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira e o apoio aos promotores das empresas, unha vez constituídas, ademais de ofrecerlles asesoramento técnico durante as primeiras etapas de funcionamento mediante a aplicación de técnicas de consultoría en xestión empresarial e asistencia nos procesos formativos para contribuír á boa marcha das compañías creadas.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria tamén dedica un millón de euros ás entidades sen ánimo de lucro para apoialas na contratación ou mantemento dos axentes de emprego e unidades de apoio que colaboran na inserción laboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social. A contía que reciban as asociacións dependerá do número de persoas contratadas e do período. O ano pasado con esta

convocatoria de axudas apoiouse a contratación de 32 axentes de emprego e 8 unidades de apoio en 15 entidades.

O impulso da Rede de técnicos de emprego de Galicia forma parte da Axenda 20 coa que o Goberno galego está estimulando a creación de emprego estable e de calidade. Atendendo ás principais demandas dos seus traballadores, a Xunta está reforzando o seu labor e na actualidade ten en marcha tres comisións de traballo centradas nos ámbitos da formación, simplificación administrativa e optimización das ferramentas informáticas.

O impulso da rede tamén se enmarca na aposta do Goberno galego polo emprendemento, con especial atención ao rural, que está realizando a través do Plan de formación e emprendemento no rural a Unidade Galicia Emprende ou a través da plataforma Doing Business, iniciativas ás cales se sumará a futura Lei de implantación empresarial, que comezou a súa tramitación no Parlamento.

A XUNTA MOBILIZA MÁIS DE 3M€ NA MODERNIZACIÓN E MELLORA DA IMAXE DO COMERCIO DE PROXIMIDADE GALEGO

- ***Preto de 240 negocios obteñen apoios por 1,5 millóns de euros para a reforma e acondicionamento de locais***
- ***Ademais, case 70 establecementos contarán co asesoramento dun xestor de redes sociais para desenvolver fórmulas de promoción e comercialización en liña***
- ***O programa forma parte do Plan estratéxico de impulso ao comercio de Galicia, que ten entre os seus retos fomentar un novo modelo comercial intelixente que sitúe o cliente no centro da súa estratexia***

A Consellería de Economía, Emprego e Industria mobiliza máis de 3 millóns de euros na modernización e mellora da imaxe do comercio de proximidade galego a través da concesión de axudas por preto de 1,5 millóns de euros para a reforma e acondicionamento de preto de 240 locais comerciais. A través desta mesma orde de axudas, de cuxa resolución se informou hoxe no Consello da Xunta, preto de 70 comerciantes contarán co asesoramento dun xestor de redes sociais para desenvolver novas fórmulas de promoción e comercialización en liña.

Por unha banda, un total de 96 comerciantes acceden a axudas de ata 16.000 euros e o 50% do investimento para proxectos de modernización integral dos locais comerciais que contan cun proxecto técnico de decoración e interiorismo. Estas axudas cobren as obras de reforma e acondicionamento da superficie de exposición e venda do local, a adquisición de moblaxe e actuacións de mellora da fachada e imaxe exterior. Outros 141 establecementos acceden a axudas de ata 3.600 euros e o 40% do investimento que se realicen para estes mesmos conceptos en proxectos de renovación e mellora.

A través deste programa de axudas, concedéronse, por outra parte, un total de 67 tíckets de xestión de comunidades virtuais, que permiten acceder a outros tantos comercios aos servizos dun xestor de redes sociais (*community manager*), no marco do Programa de Social Commerce posto en marcha a través do convenio de colaboración coa Federación Galega de Comercio.

Este Programa de Social Commerce dirixírase fundamentalmente a afianzar o éxito dos comercios galegos no eido das novas tecnoloxías, fixando obxectivos empresariais e compartindo experiencias, novas fórmulas de promoción e comercialización, recursos e tendencias para mellorar a súa competitividade.

Con esta iniciativa, achégase ademais unha oportunidade laboral a seis mozos e mozas desempregados que previamente se formaron nun curso de márketing online-

community manager dirixido ao sector comercial impartido pola Xunta no Centro das Novas Tecnoloxías de Galicia.

As axudas das que hoxe se informou enmárcanse no Plan estratéxico de impulso ao comercio de Galicia, que ten entre os seus retos o establecemento dun novo modelo de comercio intelixente que sitúe o cliente no centro da súa estratexia aproveitando todos os recursos á súa disposición.

Este plan, que prevé 55 accións específicas ata 2020, contribuíu ao reforzo do sector, que no mes de xullo conseguiu incrementar as súas vendas nun 1,2% con respecto ao mesmo mes do ano anterior, por riba do crecemento a nivel estatal, que se sitúa nun 0,7%. Do mesmo xeito, segundo a enquisa do Instituto Nacional de Estatística, o emprego medrou no mesmo período nun 1,7%, unha décima por riba da media nacional.

A XUNTA INICIA OS TRÁMITES PARA DECLARAR BIC, NA CATEGORÍA DE PAISAXE CULTURAL, A RIBEIRA SACRA

- *A Consellería de Cultura somete a informe do Consello da Xunta o cronograma de delimitación do ben co fin de incoar o expediente en decembro, tras reunirse cos axentes implicados*
- *Para determinar os seus valores naturais e culturais inigualables tivéronse en conta criterios xeomorfolóxicos, os bens de interese cultural existentes e aqueles de gran valor, así como a construción do territorio en socalcos*
- *A delimitación do BIC engloba máis de 17.300 hectáreas, 306 quilómetros, 21 concellos de dúas provincias e 171 núcleos de poboación*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria iniciou os trámites para declarar ben de interese cultural, na categoría de paisaxe cultural, a Ribeira Sacra. O Consello da Xunta coñeceu hoxe o cronograma de delimitación do ben, o paso previo antes de comezar coas reunións de traballo cos diferentes axentes implicados e coa incoación do expediente, prevista para decembro deste ano. Tras a procedente exposición pública e período de alegacións, o departamento de Cultura do Goberno galego prevé aprobar a declaración a finais de 2018.

A delimitación do BIC parte do recoñecemento de tres valores fundamentais: naturais, culturais e mixtos. Naturais debido á combinación de factores climáticos, xeomorfolóxicos, acuáticos e biolóxicos da zona; e culturais polos numerosos elementos relixiosos, seculares e etnolóxicos, así como pola propia toponimia local. En terceiro lugar, os valores mixtos reflicten a interacción do home coa natureza na construción deste territorio.

Para abarcar os tres grupos de valores principais tivéronse en conta criterios xeomorfolóxicos dos canóns e dos seus afluentes principais, abarcando ribeiras e bordes da bocarribeira. Así mesmo, tamén se tomaron en consideración os bens de interese cultural existentes, máis aqueles de valor extraordinario, e as súas contornas; así como a construción do territorio en socalcos, que na súa maioría se atopan nas ladeiras con máximas pendentes.

Tres categorías dentro da delimitación

Cómpre resaltar que a delimitación da paisaxe cultural Ribeira Sacra engloba tres categorías diferentes: o propio límite do BIC (fixado nun trazado que nace do espazo das ribeiras do Miño e o Sil no seu punto de encontro, e inclúe os BIC existentes), os fitos exteriores ou exoámbitos (que, aínda fóra do límite do BIC, contribúen a definir os valores extraordinarios da Ribeira Sacra) e a área de amortecemento, que non terá consideración de ben de interese cultural.

Aínda que a delimitación desta paisaxe como BIC inclúe todo o ámbito que se considera necesario protexer, cada unha destas categorías terá un nivel de protección distinto e vinculado cos seus valores patrimoniais e naturais.

En concreto, na área de BIC, a protección terá por obxecto garantir os valores que o fan merecente da excepcionalidade. Deste xeito, quedarán sometidas a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural as actuacións nos bens que contén cunha protección singularizada (intra-ámbitos) e os seus contornos de protección, así como os proxectos de obras de novas infraestruturas, instalacións e construcións que se localicen no ámbito delimitado. Así mesmo, conservaranse os socalcos tradicionais, polo que as actuacións que poidan supoñer a súa modificación deberán someterse a unha autorización previa da Dirección.

No caso da área de amortecemento estarán sometidas a autorización as grandes infraestruturas que poidan supoñer modificacións da paisaxe cultural, mentres que en relación cos exoámbitos, someterase a autorización da Dirección Xeral segundo o réxime establecido na lei para os monumentos, zonas arqueolóxicas ou lugares de valor etnolóxico.

Pola súa banda, queda fóra do ámbito de autorizacións a actividade agrícola, tanto de viñedos como doutras producións tradicionais do ámbito (castiñeiros, oliveiras, froiteiras, etc..) sempre que non supoñan modificación dos socalcos tradicionais. E tamén os traballos de mantemento e conservación de todos os elementos relacionados coas propias actividades da viticultura, incluídos os sistemas de mecanización existentes compatibles cos socalcos tradicionais.

Bens de interese cultural

Dentro da Paisaxe Cultural Ribeira Sacra hai unha serie de elementos singulares con protección BIC, xa declarados ou en proceso. Na zona intra-ámbitos -dentro do límite do BIC- contabilízanse un total 17 bens de interese cultural (entre xa declarados ou en fase de declaración), mentres que os exoámbitos suman outros 17.

A superficie afectada, en cifras

A área delimitada no ámbito concreto da proposta do BIC (límite do BIC e exoámbitos) abarca máis de 17.300 hectáreas, 306 quilómetros, 21 concellos, 86 parroquias e 171 núcleos de poboación.

En concreto, os 21 concellos son: A Peroxa, A Pobra de Trives, A Pobra do Brollón, A Teixeira, Carballedo, Castro Caldelas, Chantada, Esgos, Monforte de Lemos, Montederramo, Nogueira de Ramuín, O Saviñao, Pantón, Parada de Sil, Paradela, Portomarín, Quiroga, Ribas de Sil, Sober, Taboada e Xunqueira de Espadanedo.

Cómpre resaltar que a superficie protexida do BIC Paisaxe Cultural Ribeira Sacra é practicamente idéntica que a do Camiño do Norte, e lixeiramente superior á do Camiño Francés. En todo caso, é moi inferior á da área da denominación de orixe Ribeira Sacra.

O PLAN DE CONTROL DA CADEA ALIMENTARIA DE GALICIA GARANTE O ELEVADO NIVEL DE PROTECCIÓN DA SAÚDE DAS PERSOAS

- *Redactado de forma conxunta polas consellerías con competencias neste ámbito, nel recóllense a organización, recursos e planificación de actividades*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, informou hoxe os membros do Consello sobre o Plan de control da cadea alimentaria en Galicia, primeiro documento público en que se recollen a organización, recursos e planificación das actividades deste ámbito e que foi elaborado de forma conxunta polas consellerías responsables das actividades de control oficial, que son a de Sanidade, a de Economía, Emprego e Industria, a do Medio Rural e a do Mar.

O obxectivo deste plan é verificar que os operadores comerciais que interveñen na cadea alimentaria desde a granxa á mesa cumpren cos requisitos que establece a normativa vixente no eido da seguridade alimentaria dos pensos e alimentos e do benestar dos animais, como garantía de que os produtos postos a disposición do consumidor son seguros e conteñen toda a información obrigatoria, o que supón un elevado nivel de protección da saúde.

Este plan reflicte as actividades de control oficial, dentro do territorio da Comunidade Autónoma, en todos os sectores e etapas da cadea de produción de pensos e alimentos. Isto inclúe aspectos relacionados coa seguridade alimentaria, a hixiene, a calidade e os requisitos de composición, a etiquetaxe e a protección das indicacións xeográficas das denominacións de orixe e da agricultura ecolóxica, así como os relacionados coa saúde e benestar dos animais e a sanidade vexetal.

No documento recóllense as principais normas -comunitarias, estatais e autonómicas- que regulan o control oficial da cadea alimentaria, agrupadas segundo o ámbito competencial das autoridades que as emiten e complementadas por documentos de orientación e interpretación que, sen ter rango normativo, serven para facilitar a súa comprensión e aplicación.

O plan persegue unha serie de obxectivos xerais que coinciden cos do Plan nacional da cadea alimentaria en España: desenvolver e mellorar os plans de control oficial no ámbito da produción primaria, para certificar que os alimentos que chegan aos cidadáns son seguros e de calidade, facilitando a promoción da industria agroalimentaria; reducir os riscos presentes nestes alimentos; a defensa dos dereitos dos consumidores; garantir un elevado nivel de calidade alimentaria; o cumprimento dos requisitos en materia de información alimentaria obrigatoria, e garantir, a través de ensaios de laboratorio, que a información facilitada ao consumidor por calquera soporte sexa veraz.

Ademais, para poder avaliar se os obxectivos xerais se acadan, establécense para as distintas unidades responsables do control oficial obxectivos específicos estratéxicos a partir dos que se organizan os distintos plans, programas e procedementos de control.

O plan establece tamén que para a adecuada planificación das actividades de control oficial é necesario establecer unha frecuencia dos controis e unhas prioridades, baseándose nos riscos vinculados aos establecementos alimentarios e aos produtos alimenticios destinados ao consumo humano. Distingue entre risco xenérico, aquel inherente ao establecemento polo tipo de categoría e actividade que desenvolve e ao sector a que pertence, e específico, o asociado a un establecemento en particular polo tipo de produtos que pon á disposición do consumidor, polo seu funcionamento ou o polo resultado das inspeccións e auditorías.

O documento inclúe unha organización das distintas autoridades competentes que interveñen no control oficial de pensos e alimentos e unha relación dos recursos humanos e materiais con que contan as unidades responsables do control para desenvolver as súas tarefas. Inclúe, así mesmo, un apartado en que se recolle a rede oficial de laboratorios nacionais de referencia e os laboratorios de Galicia que desempeñan as súas funcións neste eido.

No que atinxe á coordinación, nas actividades de control oficial da cadea alimentaria interveñen unidades encadradas en distintas administracións (nacional, autonómica, local) e dispersas, moitas veces, en distintas dependencias (ministerios, consellerías etc.), polo que a cooperación é unha ferramenta imprescindible. O plan inclúe, polo tanto, un apartado cos instrumentos de coordinación que existen entre as distintas consellerías con competencias na cadea alimentaria e defensa dos consumidores, así como coa Administración xeral do Estado e os corpos e forzas de seguridade, como a Mesa de Coordinación do Control da Cadea Alimentaria ou os distintos órganos de coordinación existentes na Aecosan para o tratamento de temas relacionados coa seguridade alimentaria.

O documento conta, así mesmo, con información sobre os programas de control oficial da cadea alimentaria, en que se describe a planificación das actividades de control oficial segundo criterios de risco e establécense as actividades de control oficial programadas. Por último, dispón tamén de apartados sobre formación de persoal, sobre transparencia, sobre plans de emerxencia para a xestión de crises e sobre seu o sistema de auditoría.

O Plan desenvolverase ao longo de catro anos. A súa revisión farase no ano 2020 coa avaliación dos seus resultados e a comprobación do grao de cumprimento do planificado e da eficacia do sistema.

A XUNTA DE GALICIA INCREMENTARÁ A ATENCIÓN DO SISTEMA DE DEPENDENCIA A TRAVÉS DE 3000 NOVAS LIBRANZAS

- *Este aumento permitirá que ao final de ano preto de 20.800 persoas sexan beneficiarias desta prestación*
- *En 2017 o orzamento inicial para libranzas foi de 60,8 millóns de euros, cantidade que experimentou un incremento adicional de máis de 11 millóns de euros para consolidar, manter e aumentar a atención entre 2017 e 2018*
- *Grazas a esta medida, en outubro acadaranse as 52.000 persoas atendidas a través do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a concesión de novas libranzas de prestación de cuidados no contorno familiar que está a promover a Consellería de Política Social a través do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia. Deste xeito, continúaase a incorporar progresivamente ao sistema ás persoas con dereito recoñecido pendentes de atención e, a través desta medida, a Xunta de Galicia dá resposta a 3000 novos usuarios que ata o de agora estaban pendentes de atención.

Este incremento permitirá que ao final do ano preto de 20.800 persoas sexan beneficiarias dunha libranza, o que permitirá aumentar a ratio de atención nun 4,4%, situándose por riba da media nacional.

O orzamento inicial en 2017 destinado ás libranzas foi de 60,8 millóns de euros, cantidade que sufriu un incremento adicional de 11,61 millóns de euros para 2017 e 2018, o que permite consolidar o mantemento da atención actual, así como incrementalala.

Cómpre destacar que, por primeira vez, o Sistema para a autonomía e a atención á dependencia superará as 50.000 persoas atendidas, chegando en outubro deste ano ás 52.000 persoas beneficiarias. Deste xeito, a Xunta avanza no compromiso de lexislatura de chegar ás 60.000 persoas atendidas. De feito, a previsión é que xa no primeiro trimestre de 2018 estean atendidas polo menos 55.000 persoas, co que a ratio de atención se incrementará ata o 82,65% mentres que a media de atención en España é do 74%.

Facerse maior e vivir na casa, aínda que se estea en situación de dependencia, é a fórmula preferida polas persoas maiores, pola poboación en xeral e polos cuidadores familiares. Así o recomendan tamén os expertos dos organismos internacionais, que defenden a priorización nos sistemas de atención daqueles recursos que permiten facer efectiva esta opción.

Galicia desenvolveu un importante esforzo no despregamento dunha rede pública de servizos profesionais, tendo en conta que en 31 de xullo deste ano, o 77,14% do total das prestacións recoñecidas o son a través dun servizo profesional. Non obstante, aínda que a libranza de coidados no contorno familiar se configura como unha prestación excepcional, conséntase que existe un gran número de persoas solicitantes que seguen a demandar como modalidade de intervención adecuada a prestación económica de coidados no contorno familiar. Neste senso faise necesario propiciar a atención adecuada ás persoas solicitantes con base nas súas necesidades actuais, así como na súa situación socioeconómica.

A Xunta de Galicia continuará a traballar no obxectivo de procurar unha maior e mellor atención das persoas en situación de dependencia, ofrecéndolles máis servizos de axuda no fogar, máis prazas de atención residencial para persoas maiores e persoas con discapacidade e máis prazas de centros de día.

MÁIS DO 80% DOS 1,7 MILLÓNS DE EUROS DE AXUDAS A INVESTIMENTOS EN ACUICULTURA EN 2016 FOI DESTINADO AO SECTOR MEXILLOEIRO

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a convocatoria de 2016 destas achegas*
- *O seu obxectivo é fomentar unha acuicultura sustentable desde unha perspectiva ambiental e socialmente responsable*
- *Súmanse ás convocadas en febreiro deste ano para o mesmo fin por un importe de 8 millóns de euros*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a convocatoria de 2016 das axudas para investimentos produtivos en acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). Delas beneficiáronse 64 empresas, das que máis do 80% pertencen ao sector do mexillón, ao que foron parar 1,5 millóns de euros do valor total de axudas aprobadas, que é de 1,7 millóns de euros.

Esta tendencia é a mesma que a de anos anteriores, nos que o principal beneficiario destas axudas foi o sector bateeiro. En xeral, van destinadas a titulares de establecementos de acuicultura situados nas zonas terrestre, marítimo-terrestre ou marítima, que teñan as súas instalacións na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así, o obxectivo destas achegas é fomentar unha acuicultura sustentable desde unha perspectiva ambiental, socialmente responsable, baseada no coñecemento e competitiva. Deste xeito, a través delas, a Consellería do Mar subvenciona actuacións para investimentos produtivos na acuicultura, para diversificar a produción e para modernizar as instalacións neste sector, incluíndo a adquisición de equipos. Ao abeiro destas axudas tamén se subvencionan, entre outros, investimentos na mellora da calidade do produto ou para incrementar o seu valor.

Entre os proxectos subvencionados ao abeiro desta convocatoria para o sector do mexillón están a construción e modernización de embarcacións con distintos elementos e a modernización e construción de bateas. Por outra banda, entre os subvencionados para a área de peixes está a modernización de granxas acuícolas.

Atendendo á distribución das axudas por provincias, o informe sinala que o 57% se concentran na provincia de Pontevedra, preto do 40% na provincia da Coruña e, algo máis do 3% restante, na provincia de Lugo.

En canto á repartición por provincias do principal destinatario destas axudas, o sector do mexillón, o informe destaca que na provincia de Pontevedra a miticultura recibe máis do 98% do montante económico e o 94% do total de axudas de investimentos en acuicultura distribuídas na provincia. Esta provincia ten un índice maior, porque nela

a produción de mexillón ten moita incidencia. En relación coa provincia da Coruña, a miticultura recibe máis do 65% do total do montante económico e o 71% do número de axudas concedidas na provincia.

Estas axudas súmanse ás convocadas pola Consellería do Mar en febreiro deste ano para o mesmo fin, por un importe de 8 millóns de euros, e que na actualidade se atopan en tramitación.